

BASES XERAIS DE ADMISIÓN NO CURSO BÁSICO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL (24H).

1.- Persoas destinatarias.

Poderán presentar solicitude de participación neste curso as persoas interesadas en xeral, tendo prioridade aquelas empadroadas ou con domicilio a efectos de intermediación laboral no Concello de Porto do Son.

2.- Solicitudes.

As solicitudes de participación nesta acción formativa, segundo o modelo que se anexa, entregaranse de maneira presencial no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar), en horario de 09.00h a 14.00h. Só se admitirá unha solicitude por persoa.

3.- Documentación.

Xunto coa solicitude de admisión, as persoas interesadas deberán presentar:

- Fotocopia do DNI ou NIE.

4.- Prazo de inscrición.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 26 de outubro de 2017 e rematará día 2 de novembro de 2017 ás 14.00h.

No caso de non cubrirse as prazas, poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

5.- Selección de participantes.

A selección dos participantes farase por rigorosa orde de presentación de solicitudes (xunto coa documentación requirida) no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son.

6.- Número de prazas.

Esta acción formativa conta cun total de 16 prazas.



7.- Datas e Lugar de celebración do curso.

O curso vaise celebrar do 6 ao 10 de novembro nas instalacións do Viveiro de Empresas do Concello de Porto do Son.

A distribución horaria desta acción formativa será a seguinte:

- Fase teórica: luns, martes, mércores e xoves, de 16.00h a 21.00h.
- Fase práctica: venres, de 16.00h a 20.00h.

8.- Contidos do curso.

Na fase teórica do curso abordaranse as seguintes cuestións:

- A animación sociocultural: conceptualización.
- As técnicas de grupo: procedementos para optimizar a acción sociocultural.
- Técnicas para fomentar a participación, a comunicación, a negociación e a resolución de conflitos.
- A animación sociocultural en diferentes sectores sociais: infancia e terceira idade.

Na fase práctica, prevista para a tarde do venres día 10, os/as alumnos/as desenvolverán unha actividade de animación sociocultural para as persoas usuarias do Centro de Día de Porto do Son e da Ludoteca Municipal de Porto do Son.

9.- Condicións de superación do curso.

Para a obtención do diploma de participación no curso é obrigatoria a asistencia a todas as sesións.

Porto do Son, 25 de outubro de 2017.